




ACONTECIMENTOS DO ANO *

...

** A redacción do Anuario Brigantino agradece a colaboración especial que para este apartado tivo por parte dos corresponsais locais de "La Voz de Galicia" e "El Ideal Gallego", don Antonio Naya Salorio e don Eusebio Tenreiro García. Tamén a axuda prestada por don Carlos Fernández Fernández.*



5 xaneiro de 1984

Una ano mais a Sociedade Cultural Recreativa e Deportiva "La Ría" organizou a tradicional Cabalgata de Reises para ledicia de nenos e maiores da cidade. Saíron do Santuario dos Remedios e despois de recorrer a maioría das rúas da cidade chegaron á Plaza do Campo. A choiva desluciu en boa maneira a festa e reises e nenos tiveron que verse no salón do Edificio Arquivo.

5-7 de xaneiro de 1984

Nestes días a forte caída de auga ocasionou diversas inundacións, sendo na provincia da Coruña as localidades máis afectadas, Betanzos e Sada. Nestes casos as augas inundaron rúas, comercios e vivendas, así como ocasionaron desprendimentos de paredes.



Err. Binauro

10 de xaneiro

Recordando a retirada do exército inglés comandado polo Xeneral Sir John Moore, fai 175 anos cando escapaban do exército francés, chegou a Betanzos a representación dos "Royal Green Jackets" (Reales Chaquetas Verdes). No Concello foron recibidos polo Alcalde, D. Antolín Sánchez Presedo, que lles dou a venvida e intercambiou obsequios co capitán do grupo, Charles Blackmore.

13 de xaneiro de 1984

O Pleno da Corporación Municipal acordou: 1.º) integrar o Museo das Mariñas e o Anuario Brigantino dentro do servizo municipal de Arquivo e Biblioteca, e 2.º) nomear a don Alfredo Erias Martínez director do Anuario Brigantino e do Museo das Mariñas.



2 de Febrero de 1984

Como parte da súa visita a Galicia, chegou a Betanzos o Presidente da Generalitat de Cataluña, don Jordi Pujol, acompañado das mais altas personalidades da política en Galicia, ó fronte das cales estaba o Presidente da Xunta don Xerardo Fernández Albor. No Concello foron recibidos pola Corporación Municipal encabezada polo Alcalde don Antolín Sánchez Presedo. O rematar o acto, tanto o Presidente da Generalitat como o Presidente da Xunta de Galicia foron obsequiados en primicia con sendos exemplares do facsímil do primeiro periódico local: El Censor. A comitiva visitou despois a eirexa de San Francisco.

1 de Marzo de 1984

Por resolución do Presidente da Xunta de Galicia, D. Xerardo Fernández Albor, D. Antolín Sánchez Presedo, Alcalde da cidade, foi nomeado membro da Comisión que se encargará dos actos a celebrar en Galicia con motivos do V Centenario do descubrimento de América.

3 de Marzo de 1984

Neste día cumplíuse o XV aniversario da fundación da Coral Polifónica de Betanzos.



7 de Marzo de 1984

A tardiña deste día tuvo lugar "O Enterro da Sardiña" organizado pola Asociación Cultural Betanceira e a charanga Os Loiteros. A comitiva como xa é costume saliu do Hospital de San Antonio e despois de recorrer varias rúas chegou á Ponte Vella onde o ataúde foi tirado á auga. Non faltaron no traxecto as declamacións de coplas satíricas.

24 de Marzo de 1984

Cun sinxelo acto de entrega de carnets ó que seguiu unha merenda, tuvo lugar en Betanzos a celebración do XV aniversario do Partido Comunista de Galicia, organizada pola Agrupación do PCG de Betanzos.

12-24 de Marzo de, 1984

Do 12 ó 24 do mes de marzo celebrouse en Betanzos un cursiño de perfeccionamento para a Policía Municipal, que contou coa participación de axentes dos concellos de Betanzos, Ordenes, Miño, Pontedeume, Oleiros e Finisterre. O acto inaugural estivo presidido polo delegado municipal de programación e planificación, D. Manuel Lagares Pérez, polo xefe provincial de Tráfico, don Gonzalo Ocampo Suárez-Valdés, e polo xefe de Sección da Xefatura Provincial, don José María Potel Lesquereux. O cursiño desenrolouse no colexio Francisco Vales Villamarín e contou con prácticas de socorrismo e primeiros auxilios impartidas por especialistas da Cruz Roja.



Est. Blanco

13 de Abril de 1984

Baixo a organización da Coral Polifónica de Betanzos tuvo lugar O Pregón da Semana Santa a cargo de don Emilio Merino Losada, Presidente de Honra da Asociación da Prensa da Coruña.



Est. Blanco

27 de Abril de 1984

Unhas 450 personas entre as que se atopaban o Alcalde da cidade e outras personalidades relacionadas co mundo xudicial, cultural, da enseñanza, da política, etc..., asistiron ó homenaxe popular que a cidade de Betanzos ofreceu na sala de festas Rey Brigo ó notario don Julián Marcos Alonso con motivo do seu ascenso e traslado a Salamanca, cidade na que naceu. Durante o acto douse lectura a un acordo plenario da Corporación Municipal polo que foi nomeado Fillo Adoptivo da Cidade. En representación dos asistentes ofreceu o homenaxe don José Raimundo Núñez Lendoiro, cronista oficial. Despois falou o homenaxeado e finalmente o Alcalde don Antolín Sánchez Presedo. Para remate quedou a lectura dun sinfin de adhesións e a imposición da Brúxula de prata que lle concedeu a S.C.R.D. de Sada. Cando antes falara o homenaxeado deixou estas verbas que sintetizan moito do que el é e representa: "...sencillamente voy a predicar Betanzos, que es decir Galicia, en Salamanca..."

12 de maio de 1984

Presentouse no Salón Liceo a Agrupación Folklórico-Cultural "Pasiño a Pasiño" integrada por pais e nenos do catecismo das Angustias. Interviron tamén os grupos coruñeses "Eidos" e "Cantigas".

17 de maio de 1984 "Día das Letras Galegas"

Baixo o patrocinio da Comisión Municipal de Cultura e coa participación do Colexio de EGB, do cronista da cidade, do director do Museo das Mariñas, do Grupo Untiá, dos Institutos de Bachelato e FP, das librerías de Betanzos e Edicións O Castro, desenrolouse o seguinte programa de actividades. As 10 da mañán inaugurouse nos soportais do Campo unha pequena feira do libro. As 2 da mañán tivo lugar no cemiterio unha ofrenda floral por parte dos centros de ensinanza e do Concello ós betanceiros mortos que loitaron pola Cultura Galega. As 12 no Salón Liceo escenificouse a obra de teatro "Petición de man" de Anton Chejov a cargo de alumnos do Instituto de Formación Profesional. Pola tarde inaugurouse no Museo das Mariñas unha mostra de debuxos de alumnos do Colexio de EGB. As sete e media na Sala Capitular do Concello presentouse unha edición facsímil do primeiro periódico de Betanzos. "El Censor", falando encol deste tema o profesor don José Antonio Míguez Rodríguez. As oito e media na mesma Sala Capitular dou unha conferencia don Felipe Senén, director do Museo Arqueolóxico da Coruña, sobre o tema: Introducción á Historia da Arte e da Cultura en Galicia. Un conxunto de gaitas puxo fondo musical polas rúas durante todo este día.



1947

1 de xunio de 1984

Este día tuvo lugar na Sala Capitular do Concello un acto de homenaxe ó funcionario don Pedro Galán Simón con motivo da súa xubilación. Levaba traballando dende 1946. Na imaxe recibindo un obsequio de mans do Primeiro Teniente de Alcalde, don Manuel Lagares Pérez.



Est. Blanco

2 de xunio de 1984

Inaugurouse na sala de arte do Banco de Bilbao unha mostra pictórica da artista betanceira dona Rosina Martínez que presentou un total de 29 obras entre óleos, acuarelas e debuxos a pluma.



4 de xunio de 1984

Os "Amigos da Cociña Galega" fixéronlle un homenaxe a dona Anxela Rivera Valiño, fundadora no ano 1910 do restaurante "La Casilla". Dona Anxela, de 95 anos, estaba xa nos últimos días da súa vida, posto que morreu o 24 deste mesmo mes.

8 de xunio de 1984

Baixo a organización da Comisión Municipal de Cultura tuvo lugar na Sala Capitular do Concello unha conferencia do historiador don Alberto Valín Fernández encol do tema "Historia da masonería brigantina". Nel poidemos saber, por exemplo, que foron masóns: o militar liberal don Antonio Quiroga y Hermida; o escritor don Fernando García Acuña (simbólico "Garcilaso"), don Roque Ponte Peña (simbólico "Plutarco") o alcalde de Betanzos e deputado nas Cortes de 1931 a 1936 (primeiro coa profesión de agricultor), don Andrés Beade Méndez, etc.

16 de xunio de 1984

Empezaron os segundos Concertos de Vran organizados pola Delegación Municipal de Cultura. Neste día houbo unha exhibición folklórica da Agrupación Recreativa do Barrio das Flores do Colexio de Elviña da Coruña no adro de Santo Domingo e mais tarde no Salón Liceo un concerto de música rock a càrrego do grupo brigantino Dirección Prohibida. O 28 de xunio actuaron Os Tarantos na Plaza do Campo.



22 de xunio de 1984

Dando cumprimento a un acordo municipal, o Alcalde D. Antolín Sánchez Presedo, entregoulle unha placa de prata a dona Justa Germana Crespo Otero, viuda do ex-policia municipal don Andrés Otero Freire, con motivo de cumprir 100 anos de idade.

23 de xunio de 1984

Na noite de San Xoan fixéronse en toda a cidade e comarca moitas lumeiradas como é tradicional. A Charanga Os Loiteiros, de recente creación, recorreu todas as lumeiradas da cidade.

4 de xulio de 1984

Baixo o lema "Salvar Galicia, Salvar os Asteleiros" uns 200 traballadores da comarca de Ferrol apoiados polo Comité Comarcal de Comisións Obreiras de Betanzos cortaron o tráfico de tódolos accesos á cidade desde as 5 ás 7 de tarde.

5 de xulio de 1984

O Alcalde da cidade e outros membros da Corporación recibiron no Concello ó Subdirector Xeral da Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia, D. Victoriano Rosón Ferreiro, con motivo da presentación dos "Encontros Europeos no Camiño de Santiago". Consistiron en facer durante un mes "unha gran festa da tradición e da cultura" arredor da cidade de Santiago e do que representa. A idea partiu da Xunta de Galicia, do Ministerio de Cultura e do Concello de Santiago e seleccionáronse outros concellos entre os que está Betanzos. Os actos escomenzaron coa representación o día 6 de "Hamlet" na praza da Constitución a cárrego da Compañía I.T.D. de Yugoslavia. O día 7 proxectouse a película "Apocalypse Now" de Francis Ford Copola no cine Alfonso. O 8 a película "La vía Láctea" de Luis Buñuel. O 10 a película de Jhon Huston "Paseo por el amor y la muerte". O 15 concerto de música clásica no Convento de San Francisco polo conxunto S.E.M.A. O 18 na Praza da Constitución recital de música popular noruega a cárrego de Tone Hulbaekmo.

10 de xulio de 1984

A festividade de San Cristóbal patrón dos taxistas foi celebrada entre outras cousas, coa tradicional procesión de taxis e mais cunha verbena popular na Praza do Campo.

16 de xulio de 1984

Os "industriales do sector marítimo" de Betanzos, celebraron a festividade da súa patrona, a Virxe do Carme, en colaboración coa Asociación de Veciños de Santa María-A Ribeira. Pola tarde levaron en procesión polo río Mandeo á Virxe nunha barca. Iba acompañada dos membros das danzas de mariñeiros e das piraguas do Club de piraguismo "Ría de Betanzos". A festa rematou cunha verbena popular.



16 de xulio de 1984

O Alcalde, D. Antolín Sánchez Presedo, a quen acompañaba o concellal D. Manuel Lagares Pérez, recibiu na Sala Capitular do Concello ó presidente da Sociedade Filatélica da Coruña, un dos organizadores da exposición Militar¹⁸⁴, que fixo entrega ó Concello dun lote de dípticos obra de don José R. Núñez, nos que se recolle a intervención do Reximento Provincial de Betanzos na Guerra da Independencia, e tamén de varias figuras en miniatura de soldados de plomo do dito Reximento coa indumentaria da época.



25 de xulio de 1984

No "Día de Galicia" ás 2 da tarde houbo unha recepción no Concello a personalidades, asociacións e en xeral a tódolos veciños da cidade. Mais tarde unha comitiva de cidadáns dirixiuse ó cruceiro da Cruz Verde donde se fixo unha ofrenda en honra dos que traballaron por Galicia. Un grupo de gaitas tocou todo o día polas rúas e á noite houbo unha verbena popular na Praza de Santa María do Azougue.



Est. Blanco


26 de xulio de 1984

Neste día celebrouse na Sala Capitular do Concello a presentación do Anuario Brigantina 1983. Presidiu o acto o Alcalde, don Antolín Sánchez Presedo, que estaba acompañado na mesa presidencial polo Delegado de Cultura, don Andrés Beade Dopico, o Primeiro Teniente de Alcalde don Manuel Lagares Pérez, o profesor de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago don Xosé Ramón Barreiro Fernández e o director da publicación don Alfredo Erias Martínez. Encol desta edición do Anuario Brigantino falou o profesor Barreiro Fernández.



2 de agosto de 1984

Este día inaugurouse o Centro Social da Terceira Edade, promovido polo Concello coa colaboración da Caixa de Aforros de Galicia. Estaban no acto o Alcalde, don Antolín Sánchez Presedo, o Director Xeral da Caixa de Aforros de Galicia, don José Luis Méndez xefe de obras sociais da dita entidade, D. Vicente Iglesias Martelo; o director da Caixa de Aforros en Betanzos, don Manuel Vilariño Grela, así como tódolos membros da Corporación Municipal Permanente e gran número de xubilados e pensionistas da localidade.



Luisa Crestar Díaz nada en Betanzos, foi Xefe de Negociado da Compañía Telefónica en Santiago de Compostela. Dos anos 50 a 60 actuou con frecuencia en Radio Galicia. Co galo de radiarse á Arxentina as campanadas do reloj da Catedral, dirixiu ós emigrantes un saúdo, recitando poesías de Rosalía e Manuel Murguía. Entre os anos 60-70 publicou poesías nos diarios La Voz de Galicia e La Noche.


Grabou unha cinta magnetofónica recitando poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e outras que mandou a seu curmán Antón Crestar, Presidente do Centro Galego de Montevideo que foi radiada en varias ocasións pola Radio da Capital.

E aicionista de Galaxia dente a súa fundación.

Foi conselleira da Alianza Francesa de Santiago, na década do 60.

12 de agosto de 1984

Uns 2000 libros foron donados á Biblioteca Pública Municipal Castelao pola coñecida poetisa mariñana, dona Luisa Crestar Díaz. Constitúan todos eles a súa biblioteca particular e non quixo que quedara nin un soio libro na casa, xa que manifestou que eso lle daría mais pena. Esta donación, quizais a mais importante das que recibiu a Biblioteca Pública, explicase polo grande cariño que dona Luisa ten por Betanzos. Ela quere así que aquilo que mais quere non se perda e sexa útil para a nosa cultura. Son libros fundamentalmente galegos, dos que hai edicións moi raras. E tamén os hai de Literatura Xeral, Historia, Arte, etc. Moitos están dedicados polos autores: Otero Pedrayo, García Sabell, Vales Villamarín, Carballo Calero, Leandro Carré, Chao Espina, etc. O mesmo tempo autorizou á Biblioteca Municipal para dispoñer da edición do seu libro "Nas orelas do Mendo" co fin de que se distribúa ós escolares de Galicia.



14 de agosto de 1984

Baixo a presidencia do Alcalde da cidade, na Sala Capitular do Concello presentouse unha guía de Betanzos, obra de don Xosé R. Núñez titulada "Betanzos de los Caballeros y sus Mariñas". Fixo a presentación e profesor da Escola Universitaria de Ciencias Empresariais da Coruña, don Manuel García-Fuentes de la Fuente. Previamente o 9 de agosto fora presentada esta publicación no Salón de Actos da Caixa de Aforros de Galicia na Coruña. Ese mesmo día presentouse un folleto-cartel turístico do mesmo autor e patrocinado polos concesionarios de Coca-Cola.

14 de agosto de 1984

A tardiña na praza da Constitución o Alcalde da cidade, D. Antolín Sánchez Presedo coronou á Raíña das Festas Patronais, dona Nuria Pedreira del Río. A continuación o Alcalde da Coruña, don Francisco Vázquez Vázquez, fixo o Pregón das Festas desde o balcón do Concello. Empezaron, polo tanto, as Festas de San Roque.

“PREGON DE LAS FIESTAS DE BETANZOS 1984”

Ílmo. Señor Alcalde de Betanzos, muy ilustres miembros de la Corporación, Ciudadanas y Ciudadanos de la muy noble, siempre leal y real ciudad de Betanzos.

Sean mis primeras palabras las que afloran del agradecimiento y el reconocimiento por permitirme, que al menos durante algunos instantes, me vea libre de las cargas y sufrimientos propios del Corregidor, y mi oficio sea el más libre y alegre del Pregonero. Como tal tomo la palabra y lo hago para anunciar la más hermosa de las buenas. Hoy, y aquí, a todos digo que nacen de nuevo las fiestas. Ciertamente en Betanzos nunca muere del todo el ánimo festivo de sus gentes, por ello será más veraz el decir que de nuevo renacen las fiestas, y con ellas lo mejor de nuestros corazones: la alegría, el amor, la hermosura... Es tiempo de fiestas, que en sus casas permanezcan los tristes y los amargados, que se cierre la villa a la riña y la melancolía; que las calles y plazas se abran sólo para el baile y el paseo, para el amor y el requiebro. Es tiempo de fiesta y vuestro pregonero os ordena dejar a un lado penas y trabajos; preparemos mesas y manteles, abran bodegas y mesones, suenen gaitas y panderos, mover pies y afinar voces que es tiempo de baile y canto, y todos jóvenes y viejos ceñir firme los talles y juntar suave los rostros que las fiestas son amor, y desde hoy en Betanzos no queda tiempo más que para risas y cariños.

Un encargo traigo para vosotros, desde el mar hasta la ría, mis gentes de La Coruña os envían su afecto y sus saludos. Común fue nuestra Historia y continuas nuestras relaciones, y hoy en boca de su alcalde los coruñeses saludan a Betanzos.

Pero también es cierto que, más que Alcalde, soy Pregonero, y hoy más Betanceiro que Coruñés, porque desde este balcón anuncio a todo el mundo vuestra alegría, cargado personalmente con la emoción del recuerdo, recuperando tiempos pasados y personas queridas, reviviendo calles y emociones de aquel Betanzos donde pasé mi niñez, jugando y corriendo, sintiendo el orgullo de aprender la Historia en sus piedras y sus iglesias, conociendo Galicia en sus ferias y en sus fiestas. Por eso hoy os habla un Brigantino, que tiene en su corazón la fuerza de haber vivido en Betanzos, y así poder decir que comiencen las mejores fiestas de la ciudad más hermosa, y que a todos nos proteja el Patrón, Señor San Roque.

¡Betanzos de los Celtas y Romanos! ¡Betanzos de Reyes y Monasterios! ¡Betanzos de mil historias cargada, por mil cronistas narrada! ¡Betanzos la capital de una Galicia feudal! Surges airosa en el valle y tu vista es un regalo y tu visita un premio, al gozar de tu hospitalidad y tus gentes. Y año tras año, abres la página de tu crónica más preciada, que te hace distinta a todas las ciudades, cuando surgen tus fiestas únicas e incomparables.

¡Betanzos de los Caballeros! Ríos bajo sus puentes, que son rutas de alegría, caminos de peregrinos al templo de los Caneiros; comidas, música y bailes día y noche en los prados, culto al árbol como los druidas, en la última fiesta pagana del Occidente; cohetes, cucañas y farolillos, lanchas y barcas y sobre todo alegría. Es Betanzos de los Caneiros.

¡Betanzos de los Caballeros! Sobre los ríos, los montes y más arriba los cielos, que antes que el hombre volara, el Globo nuestro ya lo surcaba. Un gigante de papel, con dibujos, versos y alegorías que llevan arriba noticias para los ángeles que son betanceiros. El rito siempre se cumple: el trompetín en la torre, la barquilla con los fuegos, la doble vuelta completa y a volar, porque nunca puede fallar. Betanzos del globo.

¡Betanzos de los Caballeros! Fiestas y romerías, los Remedios, las Angustias, Todos los Santos, atrio de Santa María, sepulcros de San Francisco; puertas de la ciudad, cuevas medievales, balconadas y escudos de piedra, la ribera, la rama de las bodegas ¡qué hermoso eres Betanzos!

Y lo eres sobre todo por tus gentes; trabajan todo el año artesanos y gremios, pero hoy se visten, danzan y bailan, los arcos de los marineros, los labradores con sus bastones, los sastres y zapateros. Todo lo tienes Betanzos, buen pan y rico vino, el lúpulo del hidromel, salmón, trucha y reo de los molinos de Chelo, las tortillas y rosquillas; no hay ciudad que como tú tenga buen mantel y buena mesa.

¡Betanzos de los Caballeros! Y de las hermosas doncellas; mujeres que dieron hombres que contra moros lucharon y a feudales humillaron. Betanzos de la libertad, fiel al rey y a sus viejos fueros.

Hoy es fiesta para todos, tenemos hermosa reina y su corte de bellas jóvenes; que ellas presidan nuestra alegría y reinen en nuestros corazones, es la fiesta de mancebos y doncellas, es la fiesta para todos, con prudencia y moderación, es la mejor fiesta del mundo, es la fiesta de Betanzos.

¡VIVA BETANZOS!

Francisco Vázquez Vázquez

15 de agosto de 1984

Pola tarde o Alcalde da cidade coronou na Praza da Constitución á Raíña Infantil das Festas, Dona Verónica Rivera Pérez. E a continuación fixo o pregon infantil o rapaz don Javier Gándara Martínez.

PREGON INFANTIL DAS FESTAS

Querida Reina, Damas de Honor, Ilustrísimo Señor Alcalde y dignísimas autoridades, señoras y señores: Estar en este balcón del Ayuntamiento como pregonero infantil de estas Fiestas de San Roque, es para mí un motivo de gran alegría y satisfacción. Y por ello doy las gracias a quienes me elegieron para este cometido.

A ti, reina infantil de estas Fiestas, dirijo mi primer saludo con todo respeto, pero también con todo cariño y, en nombre de los niños de Betanzos, te rindo homenaje, y deseo que sepas que nos sentimos muy felices de tenerte como reina.

A todos los demás aquí reunidos, quiero deciros que me gusta mi pueblo y que estoy muy contento de haber nacido en él. No sé cómo sería la vida de Betanzos, cuando los mayores de hoy erais pequeños, pero yo quiero agradecerlos ahora todo lo que habéis hecho por mejorar esta ciudad, de la que formamos parte importante los niños, que, con nuestra inocencia y buena voluntad, hacemos más fácil y agradable la vida cotidiana.

Estos días he podido leer los últimos ANUARIOS BRIGANTINOS, y me encontré con personajes betanceiros para mí desconocidos, como el pintor MARTINEZ SANTISO, la escritora LUISA CRESTAR, o el poeta SÓNORA COUCEIRO, con su preciosa poesía al "PUENTE VIEJO", puente que cada año rejuvenece en la noche de los CANEIROS. Descubrí también lo importante que fue Betanzos en el terreno del periodismo. Me he enterado que el Barrio de la Magdalena fue una leprosería. He visto el estudio sobre las banderas brigantinas, la llegada del ferrocarril..., y cantidad de interesantes trabajos de investigación histórica y arqueológica, como los realizados por D. Francisco Vales Villamarín, fundador de estos anuarios.

Gracias por habernos dado a conocer todas estas cosas, porque cuando otros niños de fuera vengan a Betanzos, podremos enseñárselo y hablarles de nuestro pueblo con más orgullo. Y con ello nos sentiremos más satisfechos de ser betanceiros.

Betanzos en los últimos años ha progresado en el aspecto cultural y deportivo: asociaciones de todo tipo, grupos de teatro, deportes, como fútbol, tenis, ciclismo, baloncesto, en alguno de los cuales ya empezamos a destacar. Y no puedo dejar de citar, por ser totalmente nuevo en la historia de Betanzos, el piragüismo, deporte en el que España acaba de conseguir la medalla de bronce en los Juegos Olímpicos de los Angeles, y ello servirá de estímulo a los muchachos que lo practican.

Como pregonero infantil, quiero manifestaros dos deseos:

De sobra conocéis la existencia en nuestra ciudad de una filial del Conservatorio de Música de La Coruña, pues bien, ¿por qué no crear una "banda musical infantil" como existe en otros municipios para que los niños expresemos a través de la música nuestros sentimientos?... La Coral Polifónica y la Agrupación "Carlos Seijo" son hoy una realidad de la que nos sentimos orgullosos, y son prueba palpable de lo que Betanzos es capaz de hacer con el apoyo de todos y el esfuerzo de unos pocos. Y, en segundo lugar, desearía que se volviera al verdadero espíritu de unos "JUEGOS FLORALES" auténticos, es decir, con certámenes literarios, en los que se premiara con la "flor natural" el mejor relato o la mejor poesía. Pues al igual que se fomenta el deporte con premios y convocatorias, es necesario también potenciar con los mismos incentivos el arte y la literatura, a fin de que el nombre de Betanzos vuelva a ocupar el lugar que se merece.

Pero, sobre todo, vengo a pregonar las fiestas... Aumentemos todos los niños, en estos días, la alegría que nos caracteriza. Demostremos más que nunca el amor a los mayores, que disfrutaban en estas fechas de un merecido descanso. Y a todos, betanceiros y amigos visitantes, os deseo unas Felices FIESTAS bajo el patrocinio de San Roque y Santa María del Azogue...

Javier Gándara Martínez





16 de agosto de 1984

No día do Patrón, San Roque, tuvo lugar pola tarde na eirexa de Santo Domingo a tradicional Función do Voto coa participación das autoridades baixo mazas, comitiva real, grupos de gaitas, danzas gremiais, majorettes brigantinas, xigantes e cabezudos e Banda Municipal da Coruña.

FUNCION DO VOTO

Invocación do Alcalde a San Roque, Patrón da cidade

SEÑOR SAN ROQUE:

Acudo de novo, como Alcalde de Betanzos, acompañado da Corporación Municipal, autoridades e representacións da cidade, a renovar solenemente a nosa tradicional ofrenda, testemuño permanente dunha gratitude que non se esmorece co paso do tempo.

Vimos reafirmar o teu padroádego porque estamos convencidos de que a tua xuventude comprometida, a tua actitude de servizo constante, o teu amor á xente, constitúen o exemplo mais axeitado para presidir a nosa convivencia. Nunha sociedade plural como a nosa hai valores como a xenerosidade e a solidariedade cuio recoñecemento común debe constituir o noso distintivo como pobo.

Esta é, polo tanto, unha cerimonia de unidade, de unidade cos nosos devanceiros porque engadimos un eslabón mais deica o futuro na extraordinaria cadea da nosa historia, de unidade entre os nosos cidadáns, en canto nos sentimos responsabeis dun esforzo común e diverso que debe alcanzar a todos, especialmente ós mais desamparados; como ti nos ensíñache.

Somente esta unidade baseada no respecto e na tolerancia, recoñecedora da variedade e singularidade integradora dos marxinados e os necesitados nos fai sentir como pobo, soio así poderemos conseguir en plenitude os nosos grandes obxectivos de paz e xusticia.

A paz non é samente un obxectivo internacional abstracto senon que é tamén unha aspiración que debe alentar a nosa convivencia inmediata, cos nosos veciños, nas nosas familias, porque soio así aniñará nos nosos corazóns. A xusticia non é únicamente un desexo xeral senon tamén un compromiso total con quen es están próximos, ó noso lado.

Que esta festa sirva polo tanto, á paz e á xusticia.

Felicidade para todos e unha lembranza agarimosa para tódolos betanceiros, presentes e ausentes, no día do noso Patrón.

16 de agosto de 1984

Nesta noite diante dunhas 50.000 personas subiu o Globo de San Roque, dende a torre de Santo Domingo. E o mais grande do mundo feito con papel e como se sabe fanno os sucesores de don Claudino Pita. Fixo nesta ocasión 109 anos que se bota. Na tribuna das autoridades estaba o deputado betanceiro no Congreso dos Diputados, don José Manuel Romay Beccaría; o Coronel Xefe do Tercio da Guardia Civil, don José Manuel Morugán; o Director Xeral de Deportes da Xunta de Galicia, don Aquilino Lousa Rodríguez; o Alcalde de Betanzos, don Antolín Sánchez Presedo; o Teniente Xefe de Línea da Guardia Civil, don Ramiro González Mateos, a Raíña das Festas, dona Nuria Pedreira del Río, acompañada polas suas damas de honra; os membros da Corporación Municipal, e outras personalidades de fora e dentro da cidade.



Fersal

18 de agosto de 1984

A xira tradicional dos Caneiros tuvo este ano mais xente que nunca, un record quizais posibilitado polo fermoso día de sol que houbo. Río Mandeo arriba lanchas e mais lanchas foron acercándose ó campo dos Caneiros en busca de ledicia, bon viño e boa comida. Na lancha do Concello foron entre outras personalidades: o Gobernador Civil da Coruña en funcións, don Alfonso Bozzo; o Coronel Xefe do Tercio da Guardia Civil, don José María Morugán; o Alcalde, don Antolín Sánchez Presedo; membros da corporación, alcaldes do Partido Xudicial, Raíña das festas e outras representacións.



Est. Blanco

21 de agosto de 1984

No Museo das Mariñas inaugurouse unha Mostra de maquetas de castelos, pazos e pallozas obras de don Xosé Manuel Sánchez García.

25 de agosto de 1984

Neste día houbo a segunda xira dos Caneiros polo Río Mandeo: son os chamados Caneiros da Coruña. A Corporación Municipal da Coruña e moitos coruñeses co seu Alcalde en funcións ó fronte, don Federico de la Fuente Esperante, chegou á Estación de Betanzos-Cidade nun tren especial para despois embarcar na Ponte Vella. Entre as personalidades que iban nas lanchas oficiais estaban o alcalde da cidade, don Antolín Sánchez Presedo; o Director Xeral de Deportes da Xunta de Galicia, don Aquilino Lousa Rodríguez; o Xerente da Gran Area de Expansión Industrial de Galicia, don Antonio Carro; o Director Provincial do MOPU, don Francisco Javier Vizaíno, e outras mais.

8 de setembro de 1984

Co disparo de bombas de palenque, dianas e alboradas empezou a festa de Nosa Señora dos Remedios. A Charanga "Os Loiteiros", de Betanzos, dou un tono especial á mesma, así como tamén o lanzamento (o día 9) dun globo de papel de grandes dimensións, deseñado polo artista brigantino Vicente.



27 de setembro de 1984

A petición da Delegación de Cultura do Concello de Betanzos, a Sociedade Filatélica da Coruña organizou na Sala de Arte do Banco de Bilbao a I Exposición Filatélica Festa do Mosto. A Dirección Xeral de Correos concedeu o funcionamento dunha estafeta temporal na mesma sala.



28 de setembro de 1984

Este día chegaron a Betanzos os participantes do "III coloquio de Metodología Histórica Aplicada" que se celebrou en Mariñán entre os días 26 e 29, baixo a dirección do cadeiradego de Historia Moderna da Facultade de Xeografía e Historia de Santiago, don Antonio Eiras Roel. Contou con 37 dos mais prestixiosos investigadores de Europa que traballan sobre o tema "Agricultura y Población en la Epoca Moderna". En Betanzos recorreron a cidade acompañados polo Arquivista-Bibliotecario do Concello. Foron despois recibidos na Sala Capitular polo Alcalde, don Antolín Sánchez Presedo e finalmente asistiron na eirexa de Santiago a un concerto da Coral Polifónica de Betanzos, dirixida por don Manuel López Castro.



Est. Blanco

3 de outubro de 1984

Na noite deste día e na mañán do día 4 pasou por Betanzos, e tamén por toda Galicia, o que se coñeceu como "Ciclón Hortensia", que en realidade eran restos do ciclón tropical dese nome. Poucas veces se fixo sentir tan duramente o temporal sobre a nosta terra. Personar feridas, árbores caídas, carreteras cortadas, plantacións perdidas, casas caídas..., foron os efectos deste ciclón que nos chegou do mar. A isto uníronse os efectos da salinidade que o vento deixou nos árbores e plantas en xeral, que fixo que moitas que se salvaron do vento terminasen secando polo sal.

6 de outubro de 1984

No barrio da Ponte Vella celebrouse a tradicional Festa dos Alborotados que agora chámase tamén "VI Festa do Viño Mosto", na que non faltou a Charanga "Os Loiteiros" e sobre todo o mosto acabado de facer nas tinallas colocadas na Praza de Enrique IV.

22 de outubro de 1984

En virtude do decreto da Xunta de Galicia 153/1983 constituíuse no Salón de Sesións do Palacio de María Pita da Coruña a Mancomunidade Municipal Voluntaria de Concellos comprendidos na área de influencia da Coruña. Esta entidade agrupa os seguintes Concellos: A Coruña, Oleiros, Carral, Sada, Culleredo, Betanzos, Bergondo, Cambre e Arteixo.



27 de outubro de 1984

Promovido pola Coral Polifónica de Betanzos tuvo lugar un homenaxe de gratitude a don Manuel López Castro, alma de esta agrupación musical, director dende a súa fundación hai 15 anos. A esta iniciativa sumáronse 12 pintores e dibuxantes brigantinos que presentaron unha mostra das súas obras na Sala de Arte do Banco de Bilbao: Carlos Alvares, Alfredo Erias, Mercedes Fernández, Mabel Lago, Rosina Martínez, Manuel Muñoz, Jesús Núñez, Marina Pardo, José Luis Parga, Agustín Vázquez, Antonio Vázquez e José Antonio Veiga. Este mesmo día na eirexa de Santiago o tenor titular da Compañía Lírica Nacional, Miguel de Alonso, dou un recital. Finalmente culminaron os actos cunha cena popular na Sala de Festas Rey Brigo á que asistiron máis de 400 personas. Na presidencia estaba acompañado o homenaxeado entre outras personalidades polo Alcalde da cidade, don Antolín Sánchez Presedo; don José Manuel Romay Beccaría, socio de mérito da Coral; don Luis Sevilla González, presidente de Honra da Coral; don Luis Vaamonde Germade, presidente da Coral, etc. O ofrecemento do homenaxe foi feito por don Luis Vaamonde e en nome do catecismo de Santo Domingo por don Carlos Alvares Teijeiro. As adhesións e ousequios recibidos foron moitos ó longo da noite.



6-7 de novembro de 1984

Nestes días foron entregadas 98 vivendas sociais, construídas nas Cascas, a outras tantas familias da localidade.

29 de novembro de 1984

Dentro das magníficas conferencias que ven organizando o departamento de Latín do Instituto Francisco Aguiar de Betanzos, este día falou o cadeiradego de Griego da Universidade de Santiago don Juan José Moralejo Álvarez encol do Indoeuropeo.


7 de decembro de 1985

Este día saíron dende Labacolla con destino a Buenos Aires numerosos betanceiros en viaxe propiciado polo Concello de Betanzos, cuio representante, don Andrés Beade Dopico, foi introductor e guía excepcional por haber vivido na Arxentina durante moitos anos. Unha ampla representación da colonia betanceira esperaboos no aeroporto de Ezeiza cunha gran pancarta: "BENVIDOS IRMANS". O conxunto de danzas e gaitas do Centro Betanzos puxo o telón de fondo a este encontro emotivo. Houbo palabras de benvida do presidente desa institución, don Osvaldo Dans Varela repostadas por don Andrés Beade.

A estancia estuvo chea de atencións. Recepcións no Centro Betanzos (nuha das imaxes vese a entrega dunha talla de gaucho para o concello brigantino por parte de don Jaime Pita, secretario xeral do Centro Betanzos, recollida por don Andrés Beade mentras di unhas palabras don Osvaldo Dans), no Centro Gallego, Centro Galicia, Federación de Sociedades Galegas, Centro Galego de Mar del Plata...

Visitaron os mais destacados monumentos e centros culturais bonaerenses, lugares sinificados pola súa beleza paisaxística como o Delta do Paraná, o famoso balneario de Mar del Plata, Sierra de los Padres, as Cataratas do Iguazú, a Selva Misionera, a Represa de Itaipú no Brasil, etc.

Dona María del Rosario Castell Vila levou a mensaxe cultural ós distintos centros sociais visitados. No Ateneo Curros Enríquez da Federación de Sociedades Galegas falou sobre a personalidade de Curros; en Mar del Plata evocou a Rosalía; no Centro Betanzos falou dos seus recordos de pequena na cidade do Mandeo. Tódolos membros do grupo deixaron un outro testemuño de Betanzos e dos seus íntimos afectos. Viaxes como este deben repetirse.



13 de decembro de 1984

No cine Alfonso Setti tivo lugar o acto de presentación da "Asamblea comarcal de Betanzos de Lucha contra a droga" sendo a primeira deste tipo que se constituíu na provincia da Coruña.



Est. Blanco

21 de decembro de 1984

Pouco despois das seis da tarde deste día o Alcalde da cidade, don Antolín Sánchez Presedo, cortou a cinta inaugural da nova variante da carretera N-VI ó seu paso por Betanzos. Acto seguido xa entrou en servizo provisional. Tamén estiveron presentes neste acto: o teniente xefe de línea da Guardia Civil de Betanzos, D. Ramiro González Mateos, varios concelleiros e outras personalidades. O importe desta obra empezada no ano 1981 alcanzou 418 millóns de pts. Unha millora histórica para Betanzos.

No ano que remata o Concello levou a cabo as seguintes obras: aceras do paseo do Malecón, Centro da Terceira Idade, aceras da travesía da Ribeira, barandillas da Pza P. Francisco Blanco e pavimentación das aceras do Colexio de EXB Vales Villamarin. Todas estas fixoas directamente o Servizo Municipal de Obras. Ademais contráronse: a urbanización da rúa do Pozo, a pavimentación e urbanización da Cruz Verde, urbanización e rampas da rúa Linares Rivas, a abertura da rúa Venezuela, as aceras da avda. J. García Naveira e o Polideportivo Municipal.